



## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

### **BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE PLANIFICACIÓN PREVENTIVA E LIMPEZAS FORESTAIS E VIARIAS**

#### **Primeira. Obxecto da convocatoria.**

1. O obxecto destas bases é convocar, por motivos de necesidade e urxencia, un proceso de selección para a contratación por a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín DE 1 TECNICO FORESTAL E 1 CONDUCTOR MAQUINARIA FORESTAL para a creación dunha brigada de Planificación Preventiva e Limpezas Forestais e Viarias.
2. A xustificación da urxencia baséase na necesidade de planificar e previr os incendios forestais.
3. O contrato laboral que se subscribirá será contrato de mellora da ocupabilidade e inserción laboral (cód. 405 do RDL 32/2021).
4. Funcións:

TECNICO FORESTAL: Planificación preventiva de incendios forestais e realización de traballos forestais e do medio no ámbito territorial dos concellos da Mancomunidade de Verín.

CONDUTOR MAQUINARIA FORESTAL: Realización de traballos forestais e do medio no ámbito territorial dos concellos da Mancomunidade de Verín.

#### **Segunda. Prazas que se convocan.**

As prazas obxecto desta convocatoria son as seguintes:

##### **-1 TÉCNICO FORESTAL:**

- Contrato laboral:** obra ou servizo determinado.
- Xornada laboral:** 100%.
- Duración:** 9 meses.
- Retribución:** 1.722,70 salario bruto

##### **-1 CONDUTOR MAQUINARIA FORESTAL:**

- Contrato laboral:** obra ou servizo determinado.
- Xornada laboral:** 100%.
- Duración:** 9 meses.
- Retribución:** 1.424,50 salario bruto

#### **Terceira. Condicións e requisitos dos aspirantes.**

Os aspirantes que tomarán parte no proceso de selección deberán reunir, na data na que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.

f) Estar inscrito/a como desempregado/a e sen actividade no Servizo Público de Emprego de Galicia.

g) Para o **posto de técnico forestal** o candidato deberá ter a titulación de: técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural ou formación profesional equivalente.

h) Estar en posesión do permiso de conducir do tipo B.

### Cuarta. Baremos de selección.

O proceso selectivo constará de dúas fases.

### FASE DE CONCURSO

Os méritos que se valorarán son os seguintes. (Máximo 9 puntos):

1. Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardineiría..... 1 punto.

2. Integrantes de colectivos desfavorecidos (máximo 1 punto):

- Perceptores da RISGA e outros colectivos..... 1 punto.
- Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización o permiso de residencia de traballo..... 1 punto.
- Persoa trans..... 1 punto

3. Mulleres:

- En xeral..... 1 punto.
- Víctimas de violencia de xénero..... 1 punto.

4. Idade:

- 18-29 anos..... 1 punto.  
(sen cualificación profesional ou demandante do primeiro emprego +0,5 )
- 45 ou mais anos..... 1 punto.





## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

---

### 5. Parados de larga duración:

- Máis de 12 meses.....1 punto.

### 6. Discapacidade:

- Minusvalía > 33%..... 1 punto.

### 7. Protección por desemprego:

- Non percibir prestación ou subsidio.....1 punto.

8. Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.....0,50 puntos.

## FASE DE OPOSICIÓN

### TÉCNICO FORESTAL:

#### Exame teórico-práctico: máximo 14 puntos.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver:

- 1) Coñecemento dos Concellos da Mancomunidad de Verín.
- 2) Prevención de riscos laborais no sector forestal.
- 3) Uso de ferramentas no sector forestal: motoserra e rozadoira
- 4) Coñecementos sobre a aplicación XESBIO2

- Eliminatorio, mínimo 7 puntos.

### CONDUCTOR MAQUINARIA FORESTAL

#### Exame teórico-práctico: máximo 14 puntos.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver:

- 1) Proceso de montaxe da rozadoira traseira e lateral do tractor así como o seu manexo.
- 2) Posta en marcha da rozadoira manual e das medidas de seguridade que se precisan para o seu manexo

- Eliminatorio, mínimo 7 puntos.





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

### Quinta. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. Con carácter previo realizarase unha **preselección de candidatos** mediante chamamento ao **Servizo Galego de Colocación**:

- a) A Mancomunidade de Verín presentará oferta xenérica de emprego no Servizo Galego de Colocación de Verín, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as aspirantes que se contratarán, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade, e facendo constar a categoría profesional/posto que se desenvolverá.
- b) A categoría profesional e a seguinte:
  - **Condutor maquinaria forestal.**
  - **Técnico forestal.**
- c) Estes serán os perfís profesionais que deberá ser requirido e incorporado no momento de presentar a oferta xenérica de emprego no Servizo galego de Colocación de Verín, e que será obxecto de valoración, para os efectos da selección do/a candidato/a, segundo os criterios fixados na base cuarta, que, en ningún caso, poderán conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e á marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar este proceso.

2. Unha vez remitida á Mancomunidade de Verín, por parte do Servizo Galego de Colocación de Verín, a relación de candidatos/as preseleccionados/as para a súa posible contratación, por resolución da Presidencia aprobarase a relación como lista definitiva de admitidos ao concurso. A mesma resolución do presidente conterá a composición do tribunal, o lugar, data e hora da proba.

A lista fixarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Verín ([www.mancoverin.es](http://www.mancoverin.es)), concedéndose un prazo de tres días hábiles para a presentación de instancias no rexistro xeral da Mancomunidade de Verín; tanto telemáticamente como presencialmente, e acompañen á solicitude **-Anexo I-**, a documentación relativa tanto dos requisitos como da documentación que reúnan para que poidan ser valorados polo tribunal de selección.

3. As solicitudes (Anexo I) irán acompañadas da documentación necesaria para a súa valoración, e máis en concreto a seguinte:

- a) Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- c) Documentación xustificativa dos baremos establecidos nas bases (mediante orixinais ou copias cotexadas), significándose que non se valorarán aqueles puntos que o tribunal considere que non estiveran suficientemente





## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

---

acreditados. Asemade, non se terán en conta aqueles documentos presentados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

- d) Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).
- e) Declaración xurada de cumprir cos requisitos da responsabilidade familiar, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

4. Estas bases publicaranse no taboleiro de anuncios d da Mancomunidad de Verín e na páxina web da Mancomunidad de Verín ([www.mancoverin.es](http://www.mancoverin.es)).

5. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

### **Sexta. Tribunal de selección.**

1. Para os efectos de avaliar os méritos acreditados, constituirase un tribunal de selección que estará formado por tres (3) membros, integrado por un presidente, dous vogais e un secretario que actuará con voz pero sen voto.

2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública. A súa composición será estritamente técnica.

3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

5. O tribunal non poderá constituirse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.

6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectúase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Sétima. Resolución da convocatoria e contratacións.**

1. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Verín ([www.mancoverin.es](http://www.mancoverin.es)) a relación de candidatos propostos para o nomeamento, pola orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.
2. De acordo coa relación, elevarase ao presidente, ademais da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, e o presidente nomeará os aspirantes seleccionados, e efectuarase a formalización do correspondente contrato laboral.
3. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.
4. Cos aspirantes que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia ou outras causas dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador de similares características seguinte na lista.
5. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

### **Oitava. Recursos.**

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Presidente

José Luis Suárez Martínez

**Documento asinado o marxe dixitalmente.**





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

### ANEXO I: Modelo de instancia Aprol Rural

NOME E APELIDOS:	
DNI:	TELÉFONO:
DIRECCIÓN:	
EMAIL:	

#### EXPÓN:

Que informado da convocatoria para a selección de 1 técnico forestal e 1 condutor maquinaria forestal para unha Brigada forestal do Proxecto RURAL-ACTIVO.

Que considera reunir os requisitos esixidos nas bases da dita convocatoria e achego a documentación precisa para participar; e polo que,

#### SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección para a praza de:

- Técnico forestal.
- Condutor maquinaria forestal.

Que presenta a seguinte documentación:

- 1-.....  
....
- 2-.....  
....
- 3-.....  
....
- 4-.....  
....
- 5-.....  
....
- 6-.....  
....

En Verín, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

Asdo.: \_\_\_\_\_





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

### ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dña.....,con DNI ....., e domicilio en....., declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de 2 traballadores forestais para o servizo “Brigada de Planificación Preventiva e Limpezas Forestais e Viarias”, asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín,.... de.....de 2026.

(Asinado polo/a interesado/a)

